DARIO CAMPOS CONDE (1 para 1)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 27/08/2026
HASH: cd9aeab815968fd625d9872f2bb1d2b2

Expediente núm.: 617/2026

BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DO PROFESORADO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DA PONTENOVA – ESPECIALIDADE GAITA.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria, a selección de 1 praza de profesorado na especialidade de gaita, para a contratación, en réxime laboral a tempo parcial, con destino á Escola Municipal de Música do Concello da Pontenova.

O número de horas semanais do profesor serán as seguintes, sen prexuízo das posibles modificacións que virán motivadas polo número de alumnos:

Especialidade	Horas Semanais
1 profesor de Gaita	luns e venres (2 días á semana) (15:30/22:30).

2.- RÉXIME LABORAL E FUNCIÓNS.

A modalidade de contratación será de substitución por vacante do posto de traballo durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva mediante contrato fixo-descontinua, sempre que se manteña o número de alumnos suficiente para a especialidade en concreto e a razón das horas semanais especificadas no apartado anterior, as cales poderán variar en función dos alumnos matriculados. O horario de traballo será establecido en función das necesidades escolares do Centro ou para adecuar as diferentes clases ou actividades, segundo os niveis ou grupos de alumnos/as para a obtención dun mellor rendemento académico.

As funcións asignadas a cada praza son as propias dun profesor/a de música para un Conservatorio Profesional, segundo as necesidades do mesmo e en concreto:

- **a)** Impartir as clases de música na súa especialidade.
- **b)** Participar nas demostracións didácticas, actividades varias ou nos concertos programados.
- **c)** Calquera outra que se estableza baixo a coordinación inmediata do Director da Escola de Música.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos para a realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos á data de finalización de presentación de solicitudes e deberán gozar destes durante todo o procedemento selectivo e durante a vixencia da lista de reserva:

a) Ser español ou cidadán da Unión Europea ou nacional doutros Estados aos que lles sexa aplicable o dereito á libre circulación de traballadores (Lei 17/1993).

b) Ter cumpridos os 16 anos, e non excedan, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título de profesor polo Conservatorio Oficial de Música (Grao Medio) na especialidade á que se opte ou Titulacións Equivalentes da Comunidade Europea Homologados.

d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño normal das funcións propias do posto.

e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas, ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

f) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

Cod. Validación: 37XR9ESXL4HZAMYPMJL4LAKME
Corrección: https://concellodapontenova.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 8

4.- INSTANCIAS.

Os interesados poderán presentar as súas solicitudes no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados a partir do día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello da Pontenova e na súa sede electrónica https://concellodapontenova.sedelectronica.es

As instancias presentaranse conforme ao modelo que se une ás presentes bases como Anexo I, no Rexistro Xeral do Concello da Pontenova, sito en Praza do Concello, S/N CP 27720 A Pontenova, ou por calquera forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de non presentarse a solicitude no Rexistro Xeral do Concello, os candidatos deberán enviar unha copia da solicitude mediante Fax (982 34 20 51) antes do remate do prazo para a presentación de instancias para ter constancia da súa presentación, dada a urxencia da contratación.

As solicitudes deberán especificar que reúnen os requisitos esixidos na base terceira e especificar a especialidade á que concursa e se acompañará da seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.

b) Fotocopia compulsada do titulo de profesor e da titulación específica para a especialidade á que se opte.

c) Declaración responsable de non atoparse incurso/a en causa de incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente, nin atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñe no caso de persoal laboral no que fose separado ou inhabilitado.

d) Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaba no caso de persoal laboral, no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Acreditación de Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou estudos equivalentes. En caso contrario deberá someterse a unha proba práctica para acreditar o nivel esixido.

f) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución que conterá:
- a lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación do motivo da exclusión.
- a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- a data, hora e lugar en que se realizarán as probas.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web https://concellodapontenova.sedelectronica.es.

Cod. Validación: 37XR9ESXL4HZAMYPMJL4LAKME
Corrección: https://concellodapontenova.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 8

5.2 Concederase un prazo de **1 día hábil** dende a publicación da resolución para a subsanación de posibles deficiencias polos aspirantes excluídos, que se aceptarán ou rexeitarán mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web https://concellodapontenova.sedelectronica.es., aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

5.3. No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

5.4. Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses desde a citada data. Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1.- A valoración e selección dos aspirantes será realizada polo Tribunal Cualificador cuxa composición será aprobada por Resolución de Alcaldía xunto coa aprobación da lista de admitidos.

De producirse a ausencia dalgún dos membros do tribunal e coñecida esta, polo Sr. Alcalde poderá nomearse un substituto.

Os membros do Tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para acceso á praza convocada.-

6.2.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade que convoca, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da devandita norma.-

6.3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, da metade dos seus membros, titulares ou suplentes.

6.4.- O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se promovan durante o proceso selectivo, así como a adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde en todo o que non estea previsto nestas bases.-

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, xa citada.-

6.5.- O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.-

6.6.- Os membros do Tribunal así como de ser o caso, os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións ao pagamento de asistencias e custos de viaxe cando sexa o caso, nas contías regulamentariamente establecida polas actualizacións do previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, vixentes na data de realización das probas.-

6.7.- Os sucesivos anuncios relacionados con este proceso realizaranse no taboleiro de anuncios do Concello da Pontenova así como na sede electrónica do concello: https://concellodapontenova.sedelectronica.es.

7.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

Cod. Validación: 37XR9ESXL4HZAMYPMJL4LAKME
Corrección: https://concellodapontenova.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 8

A) **FASE DE CONCURSO.**

Os méritos alegados e acreditados polos aspirantes no prazo de presentación de instancias serán valorados con arranxo ao seguinte baremo:

A.1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL: (máximo 3 puntos)

- Por experiencia profesional como profesor/a na especialidade á que se opta en centros públicos. Valorarase a razón de 0,15 puntos por mes de servizos.

- Por experiencia profesional como profesor na especialidade á que se opta en centros privados. Valorarase a razón de 0,05 puntos por mes de servizos.

Acreditarase mediante informe de vida laboral e contrato de traballo no que se especifique expresamente o traballo desenvolvido, o inicio e final da relación laboral, ou a través dun certificado de empresa.

Só se valorará a prestación de servizos en réxime funcionarial (mediante nomeamento como funcionario) ou en réxime de dereito laboral (mediante contrato de traballo en calquera das súas modalidades establecidas no Estatuto dos Traballadores) sempre que o contido funcional teña conexión co posto ao que se opta. En ningún caso, valorarase a prestación de servizos mediante contrato administrativo ou a mera realización de prácticas formativas nas que non exista relación laboral (contrato) ou funcionarial.

A.2.- TITULACIÓN (máximo de 1 punto.)

-Contar con titulación oficial superior á requirida como obrigatoria relacionada co posto. Valorarase con **1 punto.**

Este apartado xustificarase mediante certificado oficial do centro no que se teña cursado dita titulación ou fotocopia compulsada do título.

A.3.-CURSOS, GRAVACIÓNS E PREMIOS: (máximo 1,50 puntos)

- Pola participación como alumno en cursos, seminarios, congresos ou xornadas de formación ou perfeccionamento superados sobre materias directamente relacionadas coas funcións encomendadas ao posto convocado, sempre e cando se trate de accións formativas organizadas por unha Administración Pública aos efectos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e da Lei 40/2015 da mesma data, xa citadas, unha institución sindical corporativa de Dereito Público, unha Universidade ou calquera outra institución privada, neste último caso coa colaboración ou homologación da referida acción formativa por unha Administración ou institución de Dereito Público, incluídas todas as accións formativas realizadas ao amparo dos Acordos de Formación Continua das Administracións Públicas:

- Ata 14 horas de duración: 0,07 puntos.
- De 15 a 40 horas de duración: 0,10 puntos.
- De 41 a 70 horas de duración:0,20 puntos.
- De 71 a 100 horas de duración:0,30 puntos.
- De 101 a 200 horas de duración: 0,40 puntos.
- De 201 a 300 horas de duración : 0,50 puntos
- De 301 a 400 horas de duración: 0,75 puntos.
- De 401 a 500 horas de duración: 1 punto.
- De 500 a 600 horas de duración:1,50 puntos

- Gravacións de discos, en solitario ou formando parte dun grupo musical. Valorarase con 0,25 puntos.

- Premios en solitario ou formando parte dun grupo musical. Valorarase con 0,25 puntos.

Cod. Validación: 37XR9ESXL4HZAMYPMJL4LAKME
Corrección: https://concellodapontenova.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 8

Acreditarase mediante fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

B) **FASE DE OPOSICIÓN.**

Constará de dúas probas:

1.- AUDICIÓN. De carácter obrigatoria e eliminatoria. Consistirá nunha breve audición da súa especialidade onde se valorará os coñecementos específicos da especialidade. Esta proba será cualificada de 0 a 10, sendo necesario unha puntuación mínima de 5 para superala.

2.- CLASE. De carácter obrigatoria e eliminatoria. Consistirá en impartir unha clase onde se valorará a aptitude pedagóxica do aspirante e o seu dominio das técnicas para o exercicio docente. Esta proba será cualificada de 0 a 10, sendo necesario unha puntuación mínima de 5 puntos para superala.

En caso de desempate no resultado final do proceso selectivo, prevalecerá o candidato que acadara unha maior puntuación na fase de oposición.

COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

O artigo 35 da Lei 2/2009, do 23 de xullo, de modificación do Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece "…nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma e das Entidades Locais de Galicia incluirase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente …".

En cumprimento do sinalado os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución dun texto de castelán para galego proposto polo Tribunal. Para superar a proba é necesario obter o resultado de **APTO.**

Están exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír, no día que remate o prazo de presentación de solicitudes, o Celga 4, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

A cualificación final de cada un dos aspirantes virá determinada pola suma das cualificacións obtidas na fase de concurso e en cada unha das probas da fase de oposición.

O tribunal aprobará estas cualificacións finais nunha lista ordenada de maior a menor puntuación, elevando á Presidencia para a contratación do profesor que proceda.

8.- LISTA DE APROBADOS.

8.1.- Rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios da casa do concello, a relación destes pola orde de puntuación obtida.-

8.2.- O tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, ao señor alcalde - presidente para que proceda á formalización do contrato.-

8.3.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron o concurso un número superior de concursantes ao da praza convocada. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.-

8.4.- En caso de ser preciso se procederá ó chamamento dos candidatos que superaron o proceso selectivo pero que non foron seleccionados, para cubrir baixas, vacacións ou calquera outro tipo de incidencia.-

A lista de candidatos aprobados e non seleccionados ordenados por orde de puntuación funcionará como bolsa de emprego.-

Cod. Validación: 37XR9ESXL4HZAMYPMJL4LAKME
Corrección: https://concellodapontenova.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 8

9.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

9.1.- O aspirante seleccionado, no prazo máximo de tres días naturais contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese pública a lista de aprobados, deberá presentar na secretaría do concello, os seguintes documentos, agás que obren xa no concello:
a) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non acharse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.-
b) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo ás Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
c)Certificado médico.

9.2.- Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser nomeados nin contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade dimanante da solicitude para participar no concurso.

10.- ADQUISICIÓN DA CONDICIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

O alcalde procederá a resolver o procedemento de selección a favor do aspirante proposto polo tribunal publicándose o acordo no taboleiro de anuncios deste concello.-

Polo señor alcalde, formalizarase o contrato co aspirante que, incluído na proposta de candidatos formulada polo tribunal, presentase a documentación esixida na convocatoria. Ata que se formalice este e se produza a incorporación ao posto de traballo correspondente, o aspirante non terá dereito a percepción económica ningunha.-

11.- INCIDENCIAS.

O Tribunal queda facultado para interpretar as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.-

12.- LEXISLACIÓN.

En todo o non previsto nestas bases, seralle de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño; Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.; Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia.-

Serán tamén de aplicación o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, de Estatuto de Traballadores, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes procedementos selectivos de persoal das corporacións locais.-

13.- NORMA FINAL.

As presentes bases, así como cantas actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.-

Cod. Validación: 37XR9ESXL4HZAMYPMJL4LAKME
Corrección: https://concellodapontenova.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8

Contra as presentes bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, previo ao contencioso - administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo, (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa).-

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DO PROFESORADO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DA PONTENOVA ESPECIALIDADE GAITA.

Don/Dona _____ con DNI:_____, e enderezo a efectos de notificación en:_____
_____

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso á praza de profesorado da Escola Municipal de Música na especialidade de Gaita do Excmo. Concello da Pontenova.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:

Relación de documentación esixida:

- DNI / NIE (número de identidade do estranxeiro, en documento oficial).
- Título de profesor polo Conservatorio Oficial de Música (Grao Medio) na especialidade á que se opte ou Titulacións Equivalentes da Comunidade Europea Homologados.
- Declaración responsable de non atoparse incurso/a en causa de incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente, nin atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñe no caso de persoal laboral no que fose separado ou inhabilitado.
- Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaba no caso de persoal laboral, no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Acreditación de Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou estudos equivalentes. En caso contrario deberá someterse a unha proba práctica para acreditar o nivel esixido.

Relación de méritos alegados:

Cod. Validación: 37XR9ESXL4HZAMYPMJL4LAKME
Corrección: https://concellodapontenova.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 8

- Titulacións: Acreditarase mediante certificado oficial do centro onde se teña cursado dita titulación ou fotocopia compulsada do título.
- Méritos profesionais: Acreditarase mediante informe de vida laboral e contrato de traballo no que se especifique expresamente o traballo desenvolvido, o inicio e final da relación laboral, ou a través dun certificado de empresa.
- Cursos, gravacións e premios: Acreditarase mediante fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

Polo tanto **SOLICITA:**

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o posto arriba indicado.

A Pontenova, ..., de ..... de 20__.
(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DA PONTENOVA (LUGO)

A Pontenova, na data da sinatura dixital.

O Alcalde

Darío Campos Conde

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 37XR9ESXL4HZAMYPMJL4LAKME
Corrección: https://concellodapontenova.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8